


ESTATUTO REGULADOR  
DO MONTE VECINAL EN  
MAN COMUN DA

PARROQUIA



SANTA MARIA DE PARANOS



CONCELLO DE COVELO



Con data 13 ENF. 1994 toron rexistrados  
co nº 502 e en cumprimento do disposto no artigo  
16.2 da Lei 13/89, de 10 de outubro, do Parlamento de Ga-  
licia, os Estatutos que regulan a administración e apro-  
veitamento dos montes pertencentes á Parque de Sta  
Ma Paraños, Concello de Covelo.

CAPITULO DE GALICIA  
CONSELERIA DE AGRICULTURA, GANADERIA E PESCA  
PONTEVEDRA  
SECRETARIA DO XURADO  
CAPITULO DE GALICIA  
CONSELERIA DE AGRICULTURA, GANADERIA E PESCA  
PONTEVEDRA  
SECRETARIA DO XURADO  
Pontevedra, 13 ENF 1994

OBXETO DESTOS ESTATUTOS.

Arts. 1.- O presente estatuto preténdese constituír en actualidade en vigor, adaptando a regulación do disfrute e aproveitamento do monte veciñal en man común de Paraños á actual Lei 13/1.989, do 10 de Outubro, de montes veciñais en man común e a seu regulamento.

CAPITULO II

CONDICIONS PARA SER VECIÑO COMUNEIRO

Arts. 2.- Considerase veciño-comuneiro con dereito ó disfrute do monte, a toda persoa maior de idade, que posea na actualidade casa aberta na parroquia de Paraños, e dipoña de autonomía económica familiar.

Arts. 3.- Os que nun futuro poidan adquiri-lo dereito a ser considerado veciño-comuneiro, ós efectos deste Estatuto terán que aceptar as condicións que, en cada caso, adopte a Asamblea Xeral, a que poderá fixar un prazo mínimo de residencia na demarcación territorial da parroquia ou admitir de inmediato.


Arts. 4.- A simple inclusión na relación de veciño-comuneiro, que figurará no correspondente libro de rexistro, é suficiente para acredita-los dereitos o disfrute e aproveitamento.

CAPITULO III

PERDA DOS DEREITOS DE VECIÑO-COMUNEIRO.

Arts. 5.- Os dereitos de veciño-comuneiro perdense polas seguintes circunstancias:

1 - Deixar de cumprir algunha das condicións/determinantes da cualidade de veciño-comuneiro







2 - Por decisión da Xunta Rectora aprobada na Asamblea Xeral ó facer uso dos bens comúns en forma distinta á establecida polos Organos da Comunidade ou incumprir algunha obrigaón, sen perxuício das demais responsabilidades a que houbera lugar.

3 - Renuncia voluntaria, aprobada pola Asamblea Xeral.

Arts. 6.- A perda da condición de veciño-comuneiro non impedirá volver a recupera-la cando cesen as causas que a provocaron, e así sexa aprobada na Asamblea Xeral, non perxudicando os herdeiros ou causabientes que reúnan as circunstancias para obteñe-la.


Arts. 7.- O falecemento dun veciño-comuneiro, transferirase de inmediato esta cualidade á viuda ou herdeiro que siga habitando na mesma casa do causante.

Por outra banda, o falecemento dun veciño-comuneiro viudo, pero con descendientes menores de idade, ostentará a representación o tutor dos mesmos.

#### CAPITULO IV

#### APROVEITAMENTO E PARTICIPACION DOS VECIÑOS COMUNEIROS.

Arts. 8.- Os aproveitamentos do monte corresponden, exclusivamente, os veciños-comuneiros, sen asignación de cuotas ou parcelas específicas, salvo que, tratándose de aproveitamentos eventuais, a comunidade acorde se distribuian lotes entre seus membros por periodos de 5 años, prorrogables por dous anos máis, así como ás persoas, entidades ou organismos con os que a comunidade acorde, contrate ou autorice.





Os beneficios que correspondan ós veciños, como consecuencia dos aproveitamentos pecuniarios do monte, serán invertidos en obras comunitarias da parroquia, mentras existan necesidades na mesma.


Arts. 9.- Consideraranse aproveitamentos directos e gratuitos os seguintes:

- Pastoreo do gando propiedade dos membros da comunidade, xa sexa de forma individual ou colectiva.
- Esquilmo, leñas caídas, matorral e pedras para uso propio.
- Cultivos eventuais.
- A caza cando non sexa aproveitamento con rendimentos pecuniarios.
- As augas baldías superficiais ou subterráneas.

Arts. 10.- Co fin de protexer fomentar e ordena-la caza, a Asamblea Xeral poderá consenti-la constituición dun coto privado de caza, ós veciños-comuneiros que así o desexen, sobre a totalidade ou parte do monte, somentendo os terreos do memo ó rexime especial previsto na vixente Lei de Caza en canto a seus aproveitamentos cinexéticos

O exercicio do dereito da caza corresponderá e así se detallará nos estatutos da Sociedade de Caza que se constituían, ós veciños-comuneiros que voluntariamente desexen inscribirse na mesma.

A caza non terá fins industriais, comerciais nin lucrativos mentras se considere un aproveitamento directo e gratuito. No obstante a Sociedade de Caza prorrateará, entre as persoas que se ex







erciten a caza e en cada época hábil da mesma, o importe total das tributacións e gastos de conservación así como de melloras con que sexan gravado ou se invirtan no coto.

Arts. 11.- Consideraranse aproveitamentos con rendimento pecuniario, dos que o 15% reservaránse para inversións en melloras, protección, accesos e servicios do propio monte, os seguintes:

- Venda de madeira ou pastos e arrendamentos destes.
- Canteiras ou similares arrendadas ou explotadas directamente
- Minas arrendadas ou explotadas directamente.
- Ingresos por cesións ou expropiacións.
- A caza mediante arrendamento ou explotacións directas, se así é acordado pola Comunidade na Asamblea Xeral.


Arts. 12.- Nos aproveitamentos directos e gratuitos a participación será a necesaria para satisfacer as necesidades familiares e da explotación agraria do titular.

Se algún dos aproveitamentos directos e gratuitos chegara a escasear, a Xunta Rectora propoñerá á Asamblea Xeral o sistema de distribución e limitacións que considere máis idóneo para compaxinala escasez coas necesidades dos veciños.

#### CAPITULO - V -

#### CARGAS, PARTICIPACIONES E EFECTIVIZACION NAS MESMAS.

Arts. 13.- As cargas ou deudas que graven a propiedade do monte ou que se producisen como consecuencia da súa posta en explotación, deduciranse dos beneficios obtidos, se os houberse, ou, no seu caso, prorratearanse entre os veciños-comunitarios por partes iguais.



COTEJADO, É CONFORME CO ORIXINAL  
8 NOV. 2011  
XUNTA DE GALIZIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
REGISTRO DE MONTES VECINAIS EN MAN COMÚN  
FONTEVIVOSA  
AJARÍN RODRÍGUEZ  
Funcionario

Arts. 14.- Cando un comuneiro, que veu facendo aproveitamentos, quisera comenzar, terá que facer frente, se as houbese, ás cuotas de amortización pendientes sobre as melloras realizadas no monte.

Arts. 15.- Nos casos no que a Asamblea Xeral estime necesarias, para realizar traballos no monte, as prestacións persoais, tódolos veciños comuneiros están obrigados a realiza-las. A Xunta Rectora poderá propoñer, no caso de negativa ou imposibilidade, a Asamblea Xeral, a reclamación dunha indemnización equivalente o xornal medio da localidade.

CAPITULO - VI -

PLANS PARA O APROVEITAMENTO DO MONTE.

Arts. 16.- O monte sempre que se poida, explotarase directamente polos veciños.

Cando non poida cumprirse o anterior, a comunidade establecerá contratos ou consorcios coas persoas, entidades ou organismos correspondentes outorgando poder para elo os membros da Xunta Rectora, entendendose que faise a favor dos cargos e non das prsoas que naquel momento as obstenten, e, o desaparecer estas os que a substitúan terán as mesmas atribucións que as anteriores.

Arts. 17.- Nos casos de acordo con unha persoa, organismo ou entidade, antes de concertar calquer contrato ou convenio, requirirase que presenten un proxecto no que se especificará claramente o que pretenden, as ventaxas, inconvenientes e beneficios, así como as superficies e planes de aproveitamento das distintas produccións (madera, forraxes, gando, etc).

Página - 5  
Junta Vecinal de Montes  
COVILLO PARANÓ





Arts. 18.- A comunidade poderá facultar, previa acordo da Assembleia Xeral, á Xunta Rectora para que realice, caso de interesar, as xestións necesarias a fin de mancomunarse coas comunidades de outras localidades que posexan montes veciñais en man común, a fin de realizar conxuntamente os plans de explotacións dos mesmos, ou para algún dos seus aproveitamentos.

CAPITULO - VII -

ORGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACION DA COMUNIDADE.

Arts. 19.- A Assembleia Xeral de veciños-comuneiros é o órgano supremo da Comunidade, que expresará a vontade da mesma e estará composta po tódolos veciños-comuneiros.

Arts. 20.- A Assembleia Xeral elixirá entre seus membros unha Xunta Rectora, a que estará formada por un presidente, un vicepresidente un secretario, e un tesoreiro e tres vocais.


Nas reunións que falte o presidente, asumirá suas funcións, directamente, o membro da Xunta de maior idade. En iguais circunstancias, cando faltara o secretario actuará coma tal o membro de menor idade.

CAPITULO - VIII -

CONVOCATORIA DA ASAMBLEA XERAL.

Arts. 21.- A Assembleia Xeral da Comunidade deberase reunir, obrigatoriamente, o menos unha vez o ano e todas aqueloutras veces que con carácter extraordinario se convoquen.

A tal efecto consideranse extraordinarias as reunións da Assembleia Xeral que se convoquen polo presidente da Xunta Rectora



COTEXADO, E CONTINÚE 2011 XUNTA DE GALIZIA  
Data: 10 NOV 2011  
O FUNCIONARIO,  
JOSE E. PAJARIN RODRIGUEZ  
XUNTA DE GALIZIA  
CONSEJO REGULATORIO DE MONTES VECIAIS EN MANA  
PONTEDRA


de propia iniciativa, ou por pedi-lo, como mínimo, a quinta parte dos comuneiros.

Artº. 22.- As convocatorias para a Asamblea Xeral, tanto en reunión ordinaria como extraordinaria serán efectuadas polo presidente da Xunta, mediante escrito ós comuneiros, que extenderá o secretario, con dez días naturais de antelación, expresando o lugar, data e hora en que se celebre a 1ª e 2ª convocatoria, seu carácter de ordinaria ou extraordinaria, e incluíndo a orde do día dos asuntos a tratar. Os escritos das convocatorias faranse públicos nos lugares de costume.

Artº. 23.- Para a celebración da Asamblea Xeral haberá dúas convocatorias, a segunda dúas horas despois como mínimo, da primeira. Exisirase para que haxa quorum na primeira convocatoria a asistencia do 50% máis un, ó menos dos comuneros, e na segunda convocatoria o 25% dos mesmos.

Artº. 24.- A asistencia ás reunións da Asamblea Xeral deberá ser do propio veciño-comuneiro ou de persoa da súa familia, maior de 18 anos, en quen áquel delegue por escrito, que se presentará na Xunta Rectora o comenzo da reunión. No obstante, ningún asistente poderá ostentar máis dunha representación nin emitir máis dun voto. A delegación dun comunero ausente, tamén poderá ostentala un comuneiro presente.

Artº. 25.- Do resultado da reunión levantarase a correspondente acta polo secretario, na que deberá constar o acordo tomado respecto a cada un dos puntos da orde do día sometidos a votación expresando o número de votos a favor e en contra. Cando algún

  
Concejal de Montes Veciales  
Maná Comunal  
COVELO





asistente quisera facer constar na acta a *la* oposición indicárase o seu nome e apelidos.

#### CAPITULO -IX -

#### NOMBRAMENTO E SUSTITUCION DA XUNTA RECTORA.

Artº. 26.- A Xunta Rectora será elixida entre os veciños comuneiros de pleno dereito, sendo renovada cada catro anos pola Asamblea Xeral, podendo ser reelegidos todos ou parte de seus membros.

Entenderase que os cargos son irrenunciabile, salvo dispensa da Asamblea Xeral, previo estudio de cada caso.


Artº. 27.- A administración e representación da Comunidade corresponde á Xunta Rectora. Os cargos da Xunta non terán retribución.

#### CAPITULO - X -

#### FUNCIONS DA XUNTA RECTORA.

Artº. 28.- Son funcións da Xunta Rectora entender sobre:

- 1 - A execución das decisións da Asamblea Xeral.
- 2 - A presentación á Asamblea Xeral das propostas dos novos comuneiros, condicións de admisións dos mesmos, sancions e separacións de veciños comuneiros
- 3 - A confección e presentación a Asamblea Xeral de presupostos e balances.
- 4 - O someter a Asamblea Xeral os planes ou cambios de aproveitamento.





5 - Leva-los libros de Actas e Rexistro de veciños -  
comuneiros, o arquivo, as contas e a administración da  
Comunidade.

6 - Tódolos asuntos que expresamente delegue a Asamblea Xeral,  
asi como tódolos aspectos que lle impón a Lei de Montes  
Veciñais en Man Común e seu Regulamento.

Arts. 29.- O presidente ostentará a representación da Comunidade  
e da Xunta Rectora.

O secretario será o encargado de confeccionar citacions,  
actas, correspondencia, certificacions e, en xeral, tódala  
documentación da comunidade.

O tesoreiro será depositario dos caudais da Comunidade,  
levando os libros de contabilidade da mesma e será responsable de  
controlar e estudar os recursos monetarios.


Os vocais terán as funcións que lles encomende a Xunta.

CAPITULO - XI -

IMPUGNACION DAS ACCIONS DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Arts. 30.- Os acordos da Asamblea Xeral contrarios a Lei de Montes  
Veciñais en Man Común ou o seu Regulamento, os que infrixan o  
presente Estatutos e os non axeitados ós intereses xerais da  
propia Comunidade, poderán ser recurridos por calquer veciño-  
comuneiro, ante a Xurisdicción Ordinaria en xuício declarativo  
correspondente.

Arts. 31.- A Asamblea Xeral poderá revocar calquer acordo adoptado  
pola mesma, pero para elo requirirá a concurrencia de tres quintas partes  
dos membros da





duas terceiras partes de seus compoñentes e que se aprobe pola  
mayoría, según quórum da Asamblea.

Paraños a 4 de Decembro de 1.993

*[Handwritten signature]*  
Junta Vecinal de Montes  
en Maná Común  
COVELO - PARANOS

